

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Corrección de erros.-Orde do 2 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a mobilización, dinamización e sistematización da innovación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

Advertido erro na devandita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 133 do xoves, 9 de xullo de 2009, é necesario facer a seguinte modificación:

Na páxina 11.935, primeira e segunda alínea, onde di:

«1. As subvencións imputaranse ás aplicacións orzamentarias que se indican neste artigo, nas cales existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2009, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria.

Aplicación orzamentaria	Crédito anualidade 2009
10.02.741A.771.0	700.000 €
10.02.741A.781.0 *	1.000.000 €
Total	1.700.000 €

2. A aplicación marcada cun asterisco está cofinanciada con fondos Feder».

Debe dicir:

«1. As subvencións imputaranse ás aplicacións orzamentarias que se indican neste artigo, nas cales existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2009, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria.

Aplicación orzamentaria	Crédito anualidade 2009
10.02.741A.771.0*	700.000 €
10.02.741A.781.0	1.000.000 €
Total	1.700.000 €

2. A aplicación marcada cun asterisco está cofinanciada con fondos Feder».

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 26 de agosto de 2009 pola que se fixa o prezo de venda ao público de diversas publicacións.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51 sinala a obriga de que os pre-

zos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo de informe favorable da Consellería de Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato, e despois de emitido informe favorable da Consellería de Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ao público das publicacións editadas pola Consellería de Sanidade e que se relacionan no anexo.

2. Estes prezos entenderanse, de ser o caso, con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2009.

M^a Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

ANEXO

-Diplomado en sanidade 2008. Cadernos de investigación sanitaria: 15 euros.

-Eficacia y efectividad del inicio precoz del tratamiento renal sustitutivo en la insuficiencia renal crónica avanzada: 3,74 euros.

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 8 de setembro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as listas provisionais de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección de consumo, en virtude do prazo extraordinario aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009.

En virtude da Orde do 21 de novembro de 2008 (DOG nº 234, do 2 de decembro) convocouse o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección de consumo.

A dita orde foi posteriormente modificada pola Orde do 13 de xullo de 2009 (DOG nº 137, do 15 de xullo), o que determinou a apertura dun prazo extraordinario para a presentación de solicitudes.

Unha vez rematado o prazo sinalado na orde referida, e de conformidade co establecido no artigo 12 do Regulamento de selección de persoal da Admi-

nistración da Comunidade Autónoma de Galicia e na base I.4 das que rexen o proceso selectivo, esta dirección xeral,

RESOLVE:

Aprobar as listas provisionais de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as que presentaron as súas solicitudes no prazo extraordinario aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009 para participar no proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección de consumo.

A lista de aspirantes admitidos/as poderá consultarse a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia (www.xunta.es) e estará exposta nos taboleiros de anuncios da Consellería de Facenda, nos dos seus departamentos territoriais, no Servizo de Información Administrativa e Atención ao Cidadán en Santiago de Compostela, no Servizo de Información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Vigo e Ferrol e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia.

A lista de aspirantes excluídos, con indicación da causa determinante da súa exclusión, figura como anexo a esta resolución.

Os/as novos/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para emendar o defecto que motivou a exclusión.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos motivo de exclusión serán definitivamente excluídos.

Así mesmo, os/as aspirantes que non figuren na lista de admitidos nin na de excluídos disporán do mesmo prazo para reclamar.

As listas definitivas que se publiquen tras a presentación e o exame das emendas presentadas conxuntamente o disposto nos parágrafos anteriores serán en todo caso complementarias das publicadas en virtude da Resolución do 2 de abril de 2009 (DOG nº 69, do 13 de abril).

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2009.

José M^a Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública

ANEXO

Acceso libre.

Apelidos e nome	NIF	Quenda	Motivo da exclusión
Barros Couso, Mónica	35321276-S	Discap.	15
Fernández Álvarez, Rosa María	76747194-N	Discap.	16

Tipo motivo	Código	Descrición
Xeral	15	Documento xustificativo exención taxas non cotexado
Xeral	16	Documento xustificativo exención taxas non presentado

Resolución do 8 de setembro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as listas provisionais de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala de arquitectos técnicos, en virtude do prazo extraordinario aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009.

En virtude da Orde do 21 de novembro de 2008 (DOG nº 234, do 2 de decembro) convocouse o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala de arquitectos técnicos.

A dita orde foi posteriormente modificada pola Orde do 13 de xullo de 2009 (DOG nº 137, do 15 de xullo), o que determinou a apertura dun prazo extraordinario para a presentación de solicitudes.

Unha vez rematado o prazo sinalado na orde referida, e de conformidade co establecido no artigo 12 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e na base I.4 das que rexen o proceso selectivo, esta dirección xeral

RESOLVE:

Aprobar as listaxes provisionais de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as que presentaron as súas solicitudes no prazo extraordinario para participar no proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala de arquitectos técnicos.

A listaxe de aspirantes admitidos/as poderá consultarse a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia (www.xunta.es) e estará exposta nos taboleiros de anuncios da Consellería de Facenda, nos dos seus departamentos territoriais, no Servizo de Información Administrativa e Atención ao Cidadán en Santiago de Compostela, no Servizo de Información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Vigo e Ferrol e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia.

Neste prazo extraordinario non figura ningún/ningunha aspirante excluído/a. Non obstante, os/as que non figuren na listaxe de admitidos nin na de excluídos disporán dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para emendar o defecto que motivou a exclusión.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos motivo de exclusión, serán definitivamente excluídos.

As listaxes definitivas que se publiquen tras a presentación e o exame das emendas presentadas con-